

## **AVENTURA ECOLÓXICA NO VERÁN NO CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL "AS CORCERIZAS"**

O Centro de Educación Ambiental "As Corcerizas", situado en plena **Serra de San Mamede** (Ourense), preséntase ante as Entidades Locais como unha oportunidade única para dar a coñecer, de xeito vivencial, a realidade das **enerxías renovábeis** e as máis innovadoras técnicas de **bioconstrución** e arquitectura **bioclimática**.

O feito de estar localizado dentro do Macizo Central Ourenzá (proposto pola Xunta de Galicia como Lugar de Interese Comunitario na Rede Natura 2000), brindará aos participantes a oportunidade de mergullarse neste entorno natural excepcional e aprender disfrutando da natureza, os recursos e habitantes desta singular paraxe.

Na actualidade está xestionado pola asociación "**Amigos da Terra**", que é unha ten como obxectivo principal o estudo e defensa do medio ambiente e que está profundamente vencellada a Amigos de la Tierra Internacional (Friends of the Earth International), entidade da que forma parte activa. A súa longa traxectoria en temas de educación, formación, animación e divulgación, aportan a confianza necesaria que garante un campamento de alta calidade; onde os participantes van a adquirir coñecementos e actitudes de xeito informal, que os capacitarán para vivir con coherencia e respecto nunha sociedade de futuro.

### **INSTALACIÓNS**

O Centro de Educación Ambiental "As Corcerizas" conta con 4 edificios principais independentes integrados no ecosistema forestal da serra: aulario, casa das enerxías, albergue e comedor. Ademais dispón de varias construcións complementarias

- **Aulario**: Con arquitectura bioclimática e de bioconstrución que garante a total comodidade dos participantes. Posúe unha superficie de 80 m<sup>2</sup>.  
A aula está equipada con mobiliario docente para máis de 30 participantes, ademais dos elementos auxiliares necesarios e medios audiovisuais.
- **Comedor**: Construído tamén con criterios e materiais de bioconstrución. Dispón de mobiliario necesario para ofrecer servizo ate 80 persoas. Ademais, presenta unha sala multiusos-comedor superior a 50 m<sup>2</sup>, aseos diferenciados por sexos e outro aseo con adaptación para persoas con discapacidade, sala de reunións, oficina, cociña industrial, despensas, almacén e cheminea.
- **Datos do albergue**: Reformado con criterios e materiais de bioconstrución, con capacidade para 40 persoas (2 camas adaptadas para persoas con discapacidade). Dispón de aseos con lavabos, retretes e duchas, diferenciados por sexos, e outro adaptado para discapacitados.

Ademais, presenta un salón comunitario con cheminea, unha cociña de uso comunitario, unha enfermería e recepción. Dispón de calefacción en todas as habitacións.

- **Casa das enerxías:** Nela centralízanse todos os sistemas de produción e distribución enerxética compostos por paneis de control, 144 *baterías* estacionarias, *colectores* de auga quente sanitaria, *caldeira* de biomasa, *placas solares* térmicas e fotovoltaicas e *grupo electrógeno*.
- **Outras construcións:**
  - Turbina.
  - Potabilizador con diversos sistemas de regulación.
  - Encoro.
  - Aeroxerador.

### **EQUIPO TÉCNICO**

Dacordo co Decreto 50/2000, as nosas actividades desenvolveranse cun ratio de polo menos 1 monitor por cada 10 participantes, un director e, un socorrista titulado cando a actividade o requira. Cumprindo coas esixencias legais, o equipo educativo está constituído por persoal titulado acreditado en materia de medio ambiente, educación, ocio e tempo libre, que conta cunha ampla experiencia en campamentos, campos de traballo, actividades extraescolares, educación ambiental, etc.

Ademais, para o bo funcionamento das instalacións, contamos con persoal de cociña, mantemento e limpeza.

### **ACTIVIDADES**

Todas as actividades adáptanse aos diferentes grupos de idade e son escollidas e organizadas para desenvolver e adquirir actitudes e capacidades como psicomotricidade, cooperación, respecto mutuo, coordinación, socialización, imaxinación, axilidade física e mental e, por suposto, tamén para aprender.

As actividades do campamento están enfocadas sempre baixo unha perspectiva educativa á vez de lúdica. Dispomos dunha ampla oferta de actividades que detallamos a continuación. Se nos manifestan algunhas preferencias, poderemos confeccionar un programa específico adaptado a elas.

#### **Listado de actividades:**

- **Educación Ambiental:** Estaremos en plena Serra de San Mamede, un enclave natural excepcional para coñecer a natureza e os recursos do singular Macizo Central Ourenán no que se nos brinda a posibilidade de realizar actividades para disfrutar aprendendo e valorando o medio ambiente.

Os participantes terán a singular oportunidade de usar, durante toda a súa estancia, enerxías renovables e poderán comprobar como funcionan. Faremos moitas actividades para estudar a riqueza de animais e plantas e temos a seguridade de poder ver os cervos e corzos que hai na Reserva ó noso carón, avistar as distintas especies de aves, investigar as pegadas dos animais nocturnos, ...

- **Actividades de animación, lecer e tempo libre:** Ducias de xogos, dinámicas de grupo, cancións do mundo, astronomía, deportes alternativos, veladas nocturnas e festas temáticas constitúen o corazón do campamento.
- **Aire libre:** Faremos moitas actividades ao aire libre, explotando o óptimo entorno que temos o noso carón. Haberá actividades de sendeirismo, orientación, rastrexo, acampada (cando o tempo o permita) e a posibilidade de bañarse no río Arnoia.
- **Visitas e actividades etnográficas:** A nosa proximidade a varios pobos típicos da montaña galega e outros elementos patrimoniais singulares, brindaranos a oportunidade de visitar, acompañados moitas veces polos seus actuais ou pasados poboadores, muíños de auga, fornos comunais, pobos abandonados, ...; descubriendo os oficios, apeiros de labranza, arquitectura tradicional, lendas e tradicións, etc.
- **Obradoiros:** Un bo xeito de sacar a luz a destreza que todos levamos dentro. Realizaremos todo tipo de traballos manuais. Estas son algunhas das posibilidades: xogos e xoguetes de refugallo, caixas niño, comedeiros para paxaros, bixutería natural, papiroflexia, papel maché, barro, abalorios, papel reciclado.

### **VANTAXES DOS NOSOS CAMPAMENTOS**

- Somos unha entidade sen ánimo de lucro, polo que noso obxectivo non é o rendemento económico senón o de realizar unha actividade de calidade onde os obxectivos educativos son, xunto co máximo nivel de disfrute dos participantes, a maior prioridade.
- Unha das nosas máximas vantaxes é a transparencia, polo que previa solicitude, poden visitar o Centro e comprobar persoalmente as características da instalación e seu equipamento antes de contratar o servizo.
- Se o desexan podemos concertar unha charla de presentación aos pais ou promotores co equipo técnico, que exporá as características do campamento (actividades, horarios, menú, normas básicas, prendas e útiles recomendables...), resolvendo calquera dúbida.
- Durante toda a súa estancia os participantes estarán cubertos cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes recibindo atención permanente por parte do equipo técnico.

- O emprazamento das instalacións e zonas de actividades garanten o benestar e a seguridade dos participantes, ao poder respirar o aire puro da Serra, refrescarse nas límpidas augas dos cumios das montañas, afastándose da múltiple contaminación das cidades e grandes vías de comunicación.
- Na medida do posible, os alimentos frescos consumidos diariamente procederán de cultivos biolóxicos da zona, seguindo criterios de sostibilidade e desenvolvemento rural.
- Ao longo de todo o campamento haberá avaliacións internas do equipo de monitores e avaliacións conxuntas cos participantes, coa finalidade de observar o cumprimento dos nosos obxectivos educativos, o grao de incorporación dos coñecementos transmitidos e o nivel de satisfacción e benestar dos participantes.
- Unha vez rematado o campamento, faráselle entrega á Entidade contratante dun informe co resumo das actividades levadas a cabo, unha avaliación final global e un CD con material gráfico.

### **PARTICIPACIÓN**

- A nosa oferta de campamento está dirixida a rapaces de **8 a 14 anos**.
- O número máximo de participantes é de **40 nenos por campamento**. Se a entidade promotora quixera ampliálo, estudaríamos o xeito de facelo.
- Os **campamentos desenvolveríase ó longo de 8 días** durante os meses de **xullo e agosto**

### **TARIFAS**

O custe total do campamento é de 160 euros por participante.

#### **O prezo inclúe:**

- Manutención.
- Aloxamento.
- Persoal técnico.
- Gastos de programación e xestión.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Material para as actividades.
- Uso e desfrute das instalacións.

#### **Observacións:**

- O prezo non inclúe IVE (o IVE aplicable é do 7 %)
- No caso de que algún participante tivera que abandonar o campamento antes de finalizar este, non terá dereito a devolución total nin parcial da inscrición.

- En caso de anulación do campamento por parte da Entidade contratante, devolverase a fianza sempre e cando a suspensión se notifique antes do 5 de xuño.
- Se por algunha causa maior Amigos da Terra ten que pospor ou suspender o campamento, efectuarase o abono da inscrición aos participantes; quedando a entidade exenta de realizar calquera tipo de indemnización.

### **INSCRICIÓN**

- As Entidades interesadas deberán poñerse en contacto con Amigos da Terra para cubrir as fichas de **preinscrición** e abonar a fianza **antes 25 de maio de 2005**.
- Para contactar con Amigos da Terra dirixirse a:
  - Correo postal: Rúa Curros Enríquez 19 , 1º interior 32003 Ourense.
  - Teléfono: 988 374 318
  - Fax: 988 511 020
  - Correo electrónico: [ascorcerizas@centroiris.org](mailto:ascorcerizas@centroiris.org)

Para máis información sobre a instalación poden consultar a nosa páxina web:  
[www.ascorcerizas.org](http://www.ascorcerizas.org)